

NOME:

Le atentamente o seguinte texto e contesta as preguntas.

[Leticia Costas](#) 07 SEPT 2025 6:01

María Pombo e o verbo «gustar»

«A todos nos inculcaron la lectura en algún momento de nuestras vidas y todos tuvimos que probar, pero hay gente a la que le gusta y gente a la que no (...) Creo que hay que empezar a superar que hay gente que no le gusta leer. Y encima no sois mejores porque os guste leer». Con estas declaracións, a influencer María Pombo deulle a benvinda ao mes de setembro e ao inicio de curso. Sempre me impacta cando alguén emprega o verbo «gustar» para referirse á lectura. Pódeche gustar un libro ou non, pero o acto en si de ler non é un gusto. Ler é a habilidade cognitiva e lingüística que permite a interpretación e comprensión dun texto escrito. Dicar «non me gusta ler» é o mesmo que dicir «non me gusta a comunicación escrita» que, por certo, é unha habilidade exclusiva dos seres humanos. Supón, ademais, relegar o acto da lectura ao innecesario, ao prescindible.

Nunca escoitei a ninguén afirmar «non me gusta o cine», ou «non me gusta camiñar». Talvez non che gusta camiñar baixo un balón nun día de frío, ou detestas as películas gore; pero adoras as comedias románticas, o cine de animación ou pasear pola aldea nun día de outono. Ler un libro require esforzo, adestramento, atención e concentración. Desenvolver o potencial da habilidade lectora esixe implicarse, é un compromiso. De aí que desde as familias, as bibliotecas e as escolas se dedique tanto esforzo a xerar modelos educativos que optimicen o hábito lector, que cómpre fortalecer. Por que razón? Porque a lectura é imprescindible para a vida cotiá, na medida en que unha elevadísima parte da información que recibimos é a través da escrita. Mais tamén porque implica unha mellora da escrita e da ortografía, aumenta o vocabulario, estimula a imaxinación, contribúe ao desenvolvemento da empatía a través da ficción literaria, é fundamental para o desenvolvemento académico, fomenta a curiosidade e a aprendizaxe, activa o pensamento crítico e analítico, mellora a comprensión e a memoria.

Quizais o único en que concordo con Pombo é con que ler non nos fai mellores persoas. A cultura non é un escudo ético. Adolf Hitler tiña unha extensa biblioteca persoal e, malia ser rexeitado na Academia de Belas Artes de Viena, aspiraba a ser pintor e frecuentaba os círculos artísticos. Un militar con interese cultural que impulsou un proxecto xenocida. A formación intelectual non garante un criterio ético. As persoas que somos lectoras consideramos que temos unha superioridade moral? Como todo na vida, algunhas si e outras non. En todo caso, habería que establecer que significa ser peor ou mellor persoa. O que é innegable é que existe unha responsabilidade importante cando unha voz pública banaliza a importancia da lectura e, en consecuencia, da educación. Pombo acumula elevadas audiencias e as súas palabras poden reforzar prácticas, tanto negativas coma positivas.

Da mesma maneira que ler non nos fai mellores persoas —pero si máis cultas e máis preparadas intelectualmente, á marxe das decisións morais que

cadaquén escolla— ser creador de contido ou influencer, tampouco. Que unha figura con alcance masivo minimize o hábito lector, significa que está desprezando publicamente o valor da cultura e, por extensión, da saúde intelectual, para toda a súa audiencia. É un acto tan kamikaze que só podo atribuílo á inconsciencia. Entendo que Pombo recibirá cada día críticas feroces e que é unha persoa curtida: ser influencer e estar cada día no foco implica endurecerse. Mais ser impermeable ás críticas non é incompatible con ter sensibilidade. Ignoro cando rompeu o itinerario lector de Pombo, que libros leu de nena, por que motivos non logrou desenvolver o amor pola lectura. Mais nese sentido, [ela](#) podería ser humilde e empregar as súas redes para dicirnos: «Oxalá, entre os milleiros e milleiros de libros que existen, atopase algúns que lograsen fascinarme. Poderíades facerme algunha recomendación?» Ese si me parecería un xeito intelixente de encarar algo tan delicado e tan sensible. Mais a súa escolla foi outra, e esa si é unha decisión consciente.

Resume o texto anterior.

Indica a idea principal (unha frase sen verbo).

Indica que tipo de texto é.

Divide o texto en partes.

Sinala os argumentos que aparece a autora do texto. Como está introducida cada un destes argumentos?

Escrebe 8 substantivos, 5 adxectivos, 8 determinantes (clasifícaos), 3 pronomes que non sexan persoais, 5 pronomes persoais (divídeos en tónicos e átonos), 5 verbos (indica persoa, número, tempo e modo), 2 perífrases verbais, 4 preposicións, 2 adverbios e 2 conxuncións.

Escrebe un texto argumentando o que ti consideres sobre este tema (120 palabras, polo menos 2 argumentos).